

## INFORME SOBRE OS ANTICIPOS REEMBOLSABLES ACADADOS POLA USC

**Neste informe pretendemos expor, de forma resumida, todo o que ten que ver cos anticipos reembolsables acadados pola USC, analizando a súa orixe, evolución e situación actual. Ver tamén cadro adxunto.**

Desde o ano 2000, os diferentes ministerios responsables da Política Científica (Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía; Ministerio de Educación e Ministerio de Ciencia e Innovación) fomentaron o investimento e financiamento de Infraestruturas Científicas (Construción, Dotación e Equipamentos Científicos) a través da aplicación de Fondos FEDER e Anticipos Reembolsables. Para iso utilizaron o marco das Convocatorias de

- Programa de Parques Científicos e Tecnolóxicos, que financia de xeito competitivo programas de investimentos a través dos chamados *Anticipos reembolsables*, que consisten en anticipo de fondos a devolver nun período variable (10-15 anos) sen xuros adicionais (0%).

A USC participa desde o ano 2001 nas convocatorias de Parques Científicos e Tecnolóxicos, obtendo recursos nos anos 2001, 2002, 2003, 2004, 2005, 2006 e 2007 que, diante das limitacións da aplicación de fondos propios, se aplicaron na suplementación do cofinanciamento correspondente ás actuacións financiadas con Fondos FEDER.

- Convocatoria de Infraestruturas Científico-Tecnolóxicas, competitiva e financiada con Fondos FEDER non rexionalizados ata un 70% do investimento. A partir do ano 2005 a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios (que viña xestionando as convocatorias de subvencións FEDER) empeza a utilizar un sistema similar ao anterior de *Anticipos reembolsables* nas que libra por anticipado os fondos e obriga aos beneficiarios a reintegrar os fondos en 10 anos.

No ano 2005 a Universidade de Santiago consegue, a través dun convenio, que a Xunta de Galicia asuma o reintegro do préstamo, de tal xeito que a Universidade reintegra os fondos ao Ministerio e a Xunta reintégralos á USC. No ano 2006 a USC concorre de novo a esta convocatoria e consegue financiamento para varias actuacións, pero neste caso, en ausencia de convenio, a USC debe asumir con fondos propios o reintegro.

A partir do ano 2008 tamén se está utilizando un formato similar nas subvencións con fondos FEDER, de tal xeito que o ministerio anticipa o 100% dos fondos das actuacións previstas. O 70% transfórmase en subvención FEDER logo da xustificación correspondente e o 30% restante convértese nun préstamo complementario ao financiamento FEDER, a reintegrar nun período variable (de 10 a 15 anos ao 0% de xuros e nalgún caso con período de carencia inicial).

No período 2000-2009, e en ausencia no SUG dun marco autonómico para o financiamento de infraestruturas e equipamentos científicos<sup>1</sup>, a USC participou de xeito competitivo nestes programas co obxectivo de desenvolver as súas capacidades de investigación, mantendo un nivel de competencia comparable a outros sistemas universitarios e científicos en España.

---

<sup>1</sup> Con excepción do ano 2008, no que a Consellería de Educación financiou mediante convenio infraestruturas e equipamentos por valor de 15 M€, correspondendo á USC un investimento de 6 M€

No anexo que se acompaña achégase o detalle dos anticipos acadados pola USC a través das diferentes convocatorias (Parque Científico Tecnolóxico, Anticipos Reembolsables e Préstamos Complementarios de Financiación FEDER) que permitiron a materialización de actuacións como:

- Construción e dotación do CIBUS.
- Actuacións nos laboratorios asociados á reforma da Facultade de Bioloxía.
- Dotación parcial do Edificio Emprendia.
- Desenvolvemento e actividade das plataformas biotecnolóxicas con repercusión nas áreas de Farmacoxenómica e Acuicultura.
- Implantación e desenvolvemento de Plataformas Tecnolóxicas Horizontais en TIC. Rede.
- Construción e equipamento do CACTUS de Lugo.
- Diferentes equipamentos para RIAIDT nos campus de Santiago e Lugo.
- Construción e equipamento do Edificio CIQUS.
- Construción e equipamento do Edificio CIMUS.
- Equipamento básico e mobiliario para edificio de laboratorios anexo á Facultade de Ciencias de Lugo.
- Construción do Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información CITIUS (en execución).
- Centro Tecnolóxico Lácteo (pendente).
- Centro de experimentación Animal (pendente).

Tamén se recolle no anexo que se achega, ademais dos anticipos acadados nos diferentes anos, así como as devolucións xa realizadas ata o 31 de decembro de 2009, un resumo dos anticipos executados ata a mesma data, e cales deles ten que devolver a USC con fondos propios, para coñecer o endebedamento real da USC por este concepto na referida data. A cantidade de anticipos reembolsables que con data do 31/12/2009 recibira e executara e que a USC deberá devolver con recursos propios ascende a 12.880.469,45 €

Sobre os anticipos acadados e non executados a USC poderá tomar decisións ao respecto.

En todo caso, queremos aproveitar este informe para mostrar o noso agradecemento aos investigadores e aos grupos de investigación que avalaron, cos seus curricula e proxectos, as solicitudes que permitiron acadar os anticipos antes referidos. Trátase de convocatorias cun nivel de competencia moi elevado no que só as mellores propostas acadan valoracións positivas e, con iso, recursos. Neste senso, tamén é de valorar a implicación do persoal de administración e servizos que traballaron nas propostas.

**Se deste informe se derivase algunha dúbida, non deixe de consultala no enderezo de correo electrónico que aparece nesta páxina.**

**[Prema aquí](#) se quere acceder a máis información sobre a situación económica da USC.**

# ANEXO

## ANTICIPOS REEMBOLSABLES A 31 DECEMBRO DO 2009

ANUALIDADES	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	TOTAIS
	CONVOCATORIA 2001	1.849.013,74	360.607,26	247.917,49						
CONVOCATORIA 2002		1.495.325,25	1.444.872,00	390.112,50						3.330.309,75
CONVOCATORIA 2004				902.750,00	420.396,00	204.875,00				1.528.021,00
CONVOCATORIA 2005					1.532.234,00					1.532.234,00
CONVOCATORIA 2005-BIS					11.682.918,80					11.682.918,80
CONVOCATORIA 2006						353.250,00				353.250,00
CONVOCATORIA 2006-resolta 2007										
CONVOCATORIA 2007										
CONVENIO MEC.- C. INDUSTRIA - FEDER										
FEDER 2007-2013										
FEDER 2008-2011										
XUNTA 2009 (Campus Excelencia Internacional 2009)										
	1.849.013,74	1.855.932,51	1.692.789,49	1.292.862,50	13.635.548,80	558.125,00	12.790.143,53	2.935.075,18	5.753.218,43	42.362.709,18
AMORTIZACIÓNS					154.084,48	292.542,70	2.914.008,14	1.586.818,11	3.169.459,15	8.116.912,58
DÉBEDA A 31/12/ANO	1.849.013,74	3.704.946,25	5.397.735,74	6.690.598,24	20.172.062,56	20.437.644,86	30.313.780,25	31.662.037,32	34.245.796,60	34.245.796,60

FINANCIADO CONS. INDUSTRIA

CEBEGA E ÚLTIMA FASE BIOLOXÍA Sen executar

CETIL Sen executar

Equip. CIQUS, CIMUS Sen executar

CITIUS Sen executar

70% Restante Financia FEDER

### CÁLCULO DÉBEDAS REAIS ANTICIPOS REEMBOLSABLES (31/12/2009)

FINANCIADO POR INDUSTRIA	-11.682.918,80
Reintegros xa realizados dos financiados por Industria: 2007-2008-2009 a 1.168.291,88 € ano.	3.504.875,64
CETIL (Non executado)	-2.935.075,18
Xa devolto de CETIL	293.507,52
CITIUS (Non executado)	-1.500.000,00
FEDER 2008-2011 (Equip. CIQUS-CIMUS, etc.) (Non executado)	-2.118.318,43
CEBEGA (Non executado)	-5.014.837,31
ÚLTIMA FASE BIOLOXÍA (Sen executar)	-1.912.560,59

DÉBEDA TOTAL REAL POR ANTICIPOS (31/12/2009)

**12.880.469,45**